



Modelo e estilo organizativo da Diocese de Bilbao



José Agustín Maiz Alcorta¹

Acollo a invitación da revista *Encrucillada* como unha oportunidade para repasar unha dimensión importante da historia da nosa diocese. É unha honra compartila e ofrecela como pequena achega a un diálogo pastoral que poida enriquecernos a todos.

Tratarei de responder ao que se me pide en tres pasos. Primeiro, darei conta das claves da remodelación na Diocese de Bilbao, froito das cales nace un modelo e estilo organizativo concreto. Segundo, enumerarei algunhas prácticas e accións remodeladoras. Finalmente, detereime na experiencia dos referentes parroquiais, unha aposta que pode chegar a cambiar a configuración da diocese. Dada a limitación de espazo, limitareime a sinalar os aspectos esenciais.

1.- Claves da remodelación na Diocese de Bilbao

- a) A identidade da Igrexa. A Diocese de Bilbao expuxo a súa dinámica pastoral en clave de remodelación. Elixiuse o termo a conciencia, descartando outros como «reformulación pastoral», «reorganización» ou «reestruturación». O termo «remodelación» aludía directamente á renovación da identidade da Igrexa.
- b) O Concilio Vaticano II. A remodelación pastoral da Diocese enmárcase no proceso de recepción do Concilio Vaticano

1 José Agustín Maiz Alcorta é Vigairo Territorial das Vigairías IV e V da Diocese de Bilbao.